

**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

**CONCELLO
DE VIGO**



ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS NOS SENDEIROS AZUIS DO CONCELLO

En Vigo, 30 de decembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte D^a María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra D. Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E actuando D^a M^a Concepción Campos Acuña en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacíóns das Administracións Públicas

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación e o Concello de Vigo asinaron un Convenio para levar a cabo actuacíóns nos sendeiros azuis do concello, que posúen o galardón de Sendeiro Azul, o pasado 07 de novembro de 2016.

II.- Que na cláusula Novena do dito convenio sinálase como prazo límite de execución das actuacíóns recollidas no convenio o día 31 de decembro de



2016, se ben se recolle a continuación a posibilidade de prorrogar o dito prazo coa conformidade expresa das partes. Asemade, na cláusula Quinta, sinalouse como prazo máximo para presentar a documentación xustificativa o 31 de marzo de 2017.

III.- Que debido ás dificultades e imprevistos derivados da execución das actuacións obxecto do convenio, así como ó escaso prazo de execución concedido desde o momento en que se asinou o convenio, é necesario prorrogar o prazo de execución do obxecto do convenio ata finais do marzo para garantir o seu cumprimento, así como estender o prazo de xustificación ata finais de abril.

IV.- En base a estes antecedentes, ámbalas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Ampliación do prazo de execución.


Prorrégase o prazo de execución para realizar as actuacións recollidas no Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello ata o 31 de marzo de 2017.

Segunda.- Ampliación do prazo de xustificación.

Amplíase o prazo para presentar a documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio ata o 30 de abril de 2017.

Terceira.- Réxime xurídico.

En todo o demais, permanecerá invariable o contido do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo actuacións nos sendeiros azuis do concello, asinado o 07 de novembro de 2016.



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

**CONCELLO
DE VIGO**



E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda a un só efecto e por duplicado, no lugar e data salientada no seu encabezamento.

Pola Deputación de Pontevedra

María del Carmen Silyá Rego

O Secretario Xeral da Deputación

Carlos Cuadrado-Romay

Polo Concello de Vigo,

Abel Caballero Alvarez

A Secretaria do Concello de Vigo

M^a Concepción Campos Acuña